



Maio de 2012

## ATAQUE SEN PRECEDENTES AO ENSINO PÚBLICO

Está próximo a rematar un curso que posiblemente abrirá unha fenda difícil de superar no que se refire ao calado das decisións adoptadas polas administracións educativas, tanto polo goberno da Xunta canto polo do Estado, en plena sintonía para esquilmar o que coñecemos como servizo público de educación. Nuns meses chegará tamén á súa fin a actual lexislatura, na que a comunidade educativa asistiu igualmente a un proceso de regresión que afecta a aspectos substantivos da educación pública galega e que ao longo deste tempo foron analizados por Nova Escola Galega en anteriores números do NEG Opina.

En relativamente pouco tempo comprobamos o efecto da acción política da dereita, que executa -coas necesarias adaptacións segundo circunstancias e territorios- un guión no que se combinan estratexias neoconservadoras con doses de liberalismo. Galicia e o ensino público galego amosáronse como campo de probas para mediren a resistencia do sistema nesta particular cruzada reformista amparada na coartada de darlle saída á crise económica.

### OS "RECORTES"

O último episodio, logo das fortes restricións establecidas nos orzamentos da Xunta e nos do Estado para o ámbito educativo, ten que ver coa recente aprobación do *RD lei 14/2012, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo*. Neste decreto, no que, sen necesidade de tramitación parlamentaria e invadindo claramente competencias autonómicas, se modifican aspectos substanciais de leis orgánicas de tanta importancia para o sistema educativo como a LOE ou a Lei de Universidades, combínanse medidas de carácter excepcional con outras de carácter estrutural, que marcarán de maneira permanente elementos centrais do sistema educativo. Alén das inéditas formas utilizadas polo goberno do Estado, cando goza ademais dunha cómoda maioría parlamentaria, é evidente a inmediata sensación de indefensión na que sitúa a amplos sectores da cidadanía, que verán fortemente truncadas as súas expectativas de formación.

Na procura da "confianza dos mercados" e da "eficiencia" dos servizos públicos, e baixo un permanente discurso de desgaste probando a suposta inoperancia do sistema educativo, tómanse decisións que provocan a deterioración das condicións obxectivas nas se desenvolven as aprendizaxes e a docencia, mentres se pretende coar que non se está afectando a calidade do sistema. Todo a costa de distorsionar groseiramente a imaxe dos seus principais protagonistas: un alumnado indolente, ao que lle hai que inocular os valores do esforzo e de autoesixencia rebaixando as súas oportunidades de formación, e un profesorado escasamente comprometido coa súa función instrutiva, ao que cómpre esixirle mellores rendementos.

O paquete de medidas que se veñen articulando nestes tempos apuntan nunha dirección inequívoca: limitar gravemente a extensión do dereito á educación pública, afectando principalmente aos colectivos que máis tardiamente participan desta conquista social.

Máis alá da retórica que adoita acompañar os discursos educativos, hai que recoñecer cómo foron gañando posicións as formulacións



que consideran a educación subsidiaria da economía, mesmo dende os máis benintencionados lemas da socialdemocracia, nos que se defende que a educación é un investimento. Agora que a preocupación pola supervivencia económica marca o noso ritmo vital, para defendermos a educación pública hai que demostrar, fronte ás medias verdades de implacables estatísticas de diversa factura, a súa rendibilidade. Semellante despropósito foi atallado recentemente cunha frase que expresa o sentido común da rebeldía cívica: "se a educación resulta cara, proben coa ignorancia".

Moitas das liñas da acción política que se veñen desenvolvendo ou que agora se presentan como novidosas téñense ensaiado noutros contextos aproveitando situacións de especial dureza e complexidade, momentos propicios para volatilizar o pacto social que sostén o que coñecemos ata agora como estado do benestar, reducindo os gastos sociais e tamén a presión fiscal para as clases máis acomodadas.

**Agora que a preocupación pola supervivencia económica marca o noso ritmo vital, para defendermos a educación pública hai que demostrar, fronte ás medias verdades de implacables estatísticas de diversa factura, a súa rendibilidade.**

Os eixes que vertebran estas medidas, nas que se inscriben as aplicadas pola Consellería de Cultura e Educación e as enunciadas polo Ministerio de Educación e Cultura, son os que a seguir se analizan.

## CAMBIOS NA ESTRUCTURA E NA REGULACIÓN DO SISTEMA EDUCATIVO

O anuncio do Ministerio de modificar a etapa secundaria obrigatoria estaba xa avanzado polo anterior goberno socialista, se ben baixo outro formato, coa idea de maquillar ou agochar o elevado fracaso escolar, un 30% de persoas que non acadan o título de graduado en ESO. A nova proposta do actual goberno rompe a idea de ensino comprensivo ata os 16 anos, establecendo itinerarios nunha idade anterior ao remate da escolaridade obrigatoria e anticipando un ano a entrada no bacharelato ou na formación profesional. Este curso mantense como obrigatorio, pero sitúa o alumnado cunha etapa comezada -que se alonga un ano máis- e a continuación da cal xa

non o é, e coa insinuación de que pode deixar de ser gratuíta.

A combinación desta modificación con medidas de reforzamento do carácter selectivo de cada etapa anunciadas polo ministro Wert (como as probas entre niveis, ciclos), a consolidación das dúas redes de centros segundo criterios tales como o sexo ou a relixión, a distinción entre centros por mor da súa diferenciación curricular (como xa se pretende cos centros plurilingües e cos proxectados noutras comunidades como centros de excelencia) ou polas accións diferenciadoras propiciadas pola nova onda dos contratos-programa, abundan como exemplos destas políticas que cuestionan gravemente a igualdade estrutural do sistema educativo e os seus efectos en termos de equidade social.

## REFORMULACIÓN DO PRINCIPIO DE GRATUIDADE E PROGRESIVA PRIVATIZACIÓN

Pode observarse un despregue de medidas de todo tipo para fornecer a estratexia privatizadora, convertendo a educación nun "espazo de negocio" e de distinción para aqueles que poidan custeala, e tentando situar a educación pública nun nivel case asistencial.

É evidente que, malia os recortes sufridos nesta lexislatura, a rede privada non se viu nunca afectada, senón que incluso medrou a achega económica para os concertos educativos.

En tramos non obrigatorios (0-3) asistimos ao anuncio da implantación do "cheque-escolar" por parte do departamento de Benestar e tomamos boa nota do que acontece na Comunidade de Madrid, laboratorio das políticas máis lesivas para os servizos públicos, coa posibilidade de dedución fiscal por matrícula en centros privados, tanto nos períodos obrigatorios como nos non obrigatorios.

**É evidente que, malia os recortes sufridos nesta lexislatura, a rede privada non se viu nunca afectada, senón que incluso medrou a achega económica para os concertos educativos.**

Sucédense os anuncios de incremento substantivo, nalgúns casos de maneira exponencial, das taxas nos servizos educativos en niveis non obrigatorios, nomeadamente na etapa 0-3 e no nivel universitario; neste caso baixo o criterio de que deben aproximar-





se ao seu custo real (u-los nosos impostos?) e sen o correlato de aumento de bolsas ou axudas, sobre as que se anuncia un maior nivel de esixencia académica e se vai abrindo paso a opción da solicitude dun crédito bancario.

Sen dúbida tales medidas afastarán a amplos sectores da sociedade do dereito á educación, que se constrúe desde a primeira etapa 0-3, convertida en "asistencial" nas declaracións do Ministerio, nun intento de minimizar o impacto da supresión do programa Escola 3.0, que cae coa aprobación dos primeiros orzamentos do goberno conservador. Desfacéndose dos seus compromisos cos países

da Unión Europea asumidos na chamada Estratexia 2020 e terxiversando o sentido educativo desta etapa, establecida con claridade na LOE. Non teñen empacho en promoveren unha suba de taxas dun 20% nas escolas infantís, en aceleraren o proceso de privatización daquelas dependentes do Consorcio, ou en escamotearen compromisos coa comunidade educativa, como no lamentable espectáculo do ocorrido coas escolas infantís do concello de Narón.

O propio Consello da UE, no marco da citada estratexia, indica que "a longo prazo a Educación Infantil beneficia o conxunto da sociedade, que ve reduci-

dos os custos pola perda de talento e o gasto público en benestar, sanidade e xustiza".

Unha das conclusións do recente Informe de resultados da avaliación diagnóstica de Galicia refírese precisamente a esta etapa e a súa influencia posterior "O comezo da escolarización en idades temperás inflúe positivamente nos resultados das tres competencias (lingüística, matemática e de coñecemento do medio) nas dúas etapas avaliadas. O alumnado que comeza a súa escolarización aos 2 anos obtén puntuacións que superan en máis de 70 puntos aos que comezan aos 6 anos".

A progresión nos niveis de escolarización acadados en Galicia e no conxunto do Estado, aínda con importantes eivas de todo tipo na oferta, vense ameazados cunha medida que afecta ademais ás familias que afrontan elementos de precariedade tamén noutros ámbitos.

Desta maneira conséguese que a rede pública acabe por ser subsidiaria da privada.

Se tomamos a referencia das previsións para o ensino superior é indubidable que a suba das taxas académicas e tamén dos prezos das residencias públicas, unido á rebaixa das bolsas e axudas e á súa maior esixencia nas cualificacións, así como o anunciado recorte na oferta académica universitaria, deixará fóra desta formación a importantes sectores sociais. A volta á promoción dun ensino socialmente elitista, que de maneira deliberada se asocia cunha idea clasista e trasnoitada de excelencia, está servida.

Xa levabamos un tempo escoitando o mesmo retrouso acusador sobre a mocidade "sobretitulada" ou aqueloutro -estarecedor- sobre a xeración "perdida", aquela que logo de procurar toda a formación posible non atopa espazo nos escenarios profesionais para o seu desenvolvemento e só ten como horizonte a opción "aventureira" de marchar fóra. A precariedade das súas opcións evidénciase coas sucesivas etiquetas que lles foron de aplicación: mileuristas, dos que xa nin se fala ao ser agora un sector case privilexiado; na procura dos chamados "minijobs", é dicir, precario pluriemprego; ou a maioría, condenados a viviren dos seus maiores ou a emigraren.

Pervertendo as bases do pacto social que posibilitou a emerxencia e desenvolvemento dos servizos públicos de cobertura universal, é dende a administración pública dende a que se planifica a priva-

tización progresiva da educación e dos servizos dela asociados –o que demostra que si é rendible– a cambio de ningún beneficio social, transformándoa nun mercado para os que poidan pagala e deixando os depauperados servizos públicos para a atención daquel alumnado máis problemático ou para a cobertura educativa nas zonas rurais. Desta maneira conséguese que a rede pública acabe por ser subsidiaria da privada.

En Galicia seguíuse a estratexia que bota man da diferenciación de centros sumando novos motivos aos xa coñecidos do ideario ou da tipoloxía do alumnado e que afectan ao currículo, o que permite sobre-financiar algúns centros por fóra do establecido no concerto, outorgándolles ademais un plus de prestixio asociado a súa condición de "plurilingües", estaren adscritos a programas como o "Abalar", ou promoveren a "excelencia". Á vista desta estratexia tamén os centros da rede pública procuran aproveitar estas opcións, con moitos menos apoios da administración, como xa foi denunciado polas propias asociacións de directivos de centros públicos en distintas ocasións.

Haberá que prestarlle atención á tramitación da nova regulación para a admisión de alumnado, porque é nese ámbito no que algúns centros de elevada demanda poden permitirse escoller, nunha versión máis clara do sentido perverso en que pode acabar o dereito á elección de centro. Abonda recordar o sucedido na comunidade madrileña, por exemplo.

A ampliación do Bacharelato, con ese primeiro curso de carácter obrigatorio, leva a pensar que ese será tamén outro ámbito de ampliación da concertación. Unha vez concertado o primeiro ano dun bacharelato que comezase aos 16 anos, e se xa se subvenciona ese primeiro curso, parece evidente que as patronais do ensino privado solicitarán a extensión aos dous anos que quedan, tal como xa ocorre en Euskadi, Valencia, Navarra ou Baleares. Cabe preguntarse se haberá obxeccións económicas por mor da crise...

## EFFECTOS SOBRE A CALIDADE DO SISTEMA E SOBRE AS OPORTUNIDADES EDUCATIVAS

No aquí e agora falta por ver como opera nas familias a campaña de descrédito do ensino público cando, como é previsible, o profesorado e a comunidade educativa se rebelen contra os recortes previstos nese decreto de medidas urxentes, que o Conselleiro se apresurou a minimizar anunciando que haberá medidas que non se tomarán..., entre



outros motivos porque xa se ocuparon de aplicalas con anterioridade.

Tal é o caso do aumento de horas lectivas para o profesorado, reforzando a súa función instrutiva, en detrimento da atención personalizada, da función titorial ou de atención á diversidade, directamente afectadas por estas medidas. A negativa a substituír profesorado nos primeiros dez días tampouco é novidade, vén legalizar unha práctica da administración e contrasta con esoutro discurso sobre a eficiencia e o cumprimento estrito do deber, que parece que obriga á revisión do tempo do café e non á cobertura de nada menos que dez días coas súas correspondentes horas lectivas.

No tocante á cuestión do aumento da ratio, no que tamén se vulneran pola vía da urxencia como no caso anterior normas fundamentais en aspectos que son sempre obxecto de controversia, resulta rechamante como o propio presidente da Xunta anunciou que en Galicia non chegaremos aos novos límites, por riba dun 20% dos anteriores, como sucederá noutras comunidades. A razón non é, evidentemente, a benevolencia da administración educativa ou

a resistencia do goberno galego a estas medidas impostas polo central, senón que mantemos unhas ratios baixas porque temos unha das taxas de natalidade máis baixas do Estado. E tamén porque na anterior lexislatura se produciu unha ampla oferta de emprego coa finalidade de cubrir necesidades do sistema relacionadas coa atención á diversidade e unha mellor cobertura do profesorado especialista; oferta que foi cualificada pola actual administración como irresponsable, pero que agora lle permite asumir cun menor custo ca noutras comunidades a aplicación destas medidas restritivas. O anuncio tranquilizador obedece, como non se nos escapa, a evitar algún efecto electoral na posible reacción da comunidade educativa.

Non hai que ser sequera moi experto para sinalar como esas medidas afectarán, sen dúbida ningunha, á calidade do sistema e, de maneira directa, á súa equidade. Porque é de sentido común que, cando hai un maior número de estudantes, a súa atención reséntese; e non só a que ten encomendada cada docente, senón as propias posibilidades organizativas do centro para desenvolver medidas de aten-

Resumo dos recortes recollidos na "Memoria de impacto económico y presupuestario"

CONCEPTOS	MILLÓNS DE EUROS
Aforro en soldos de profesorado polo aumento nun 20% da ratio de alumno por aula	464
Aumento das horas lectivas do persoal docente	840
Eliminación da obriga de prestar todas as modalidades de bacharelato en cada centro	145
Aprazamento da implantación dos módulos 2.000 ciclos FP	200
Modificación da cobertura de baixas	Non se cuantifica
Incremento prezos públicos para cubrir o custo real das titulacións universitarias	1.542
Supresión dos graos con menos de 50 alumnos	71
Prohibición de ingreso de novo profesorado universitario (taxa de reposición 0)	72
Aumento da carga docente do profesorado universitario	252
Equilibrio orzamentario das Universidades	150
<b>TOTAL</b>	<b>3.736</b>

ción á diversidade tales como reforzo, desdobres de grupos, etc.

Neste aspecto, os propios centros da rede privada concertada teñen habitualmente ratios maiores, pero respecto de agrupacións máis homoxéneas, o que contrasta fortemente cos heteroxéneos grupos que se atenden na maioría da rede pública. Ata a mesma OCDE, organismo pouco sospeitoso en relación a posibles formulacións filopedagóxicas, establece que son as condicións laborais e profesionais nas que o profesorado desenvolve o seu labor as que inciden directamente na calidade do ensino; concepto este do que observamos a cotío a súa inacabable ductilidade.

En relación coas medidas de aforro cómpre destacar dúas que afectan á oferta da etapa secundaria obrigatoria, que se pretendía reforzar co anuncio da súa extensión. A eliminación da obriga de ofertar todas as modalidades de bacharelato en cada centro afectará a amplos sectores da sociedade, fundamentalmente aos que viven nas zonas rurais ou na periferia das cidades. Supón ademais unha forte restrición da optatividade, cos prexuízos que se poden derivar para unha formación menos polivalente, que regresa aos anticuados e ríxidos límites das ciencias ou letras, e que ten efectos directos nas opcións de ponderación que se relacionan coa posibilidade de cursar estudos universitarios.

O adiamento da implantación dos módulos da FP, freando a modernización da oferta destas ensinanzas, elemento estratéxico que viña ofrecendo bos resultados nos últimos anos, é unha mostra máis do sometemento a unha estratexia economicista de curto alcance, toda vez que contradí o recorrente argumento de servir, sequera, a un mellor encaixe da formación no mercado laboral.

A *Memoria de impacto económico y presupuestario* que acompaña o fulminante RD-lei 14/2012 de 20 de Abril, ofrece unha imaxe ben evidente sobre a quen lle vai corresponder pagar, nas súas distintas acepcións, o que se aforra: unha parte fundamental recaerá nas familias e outra, non menor, no profesorado. Alén das partidas máis destacadas, as familias e o profesorado sufrirán de cheo as consecuencias das medidas de recorte da oferta formativa, porque terán que asumir, se é que poden facelo, os custos de mobilidade dos seus fillos e fillas, o que afectará tamén ás posibilidades de destino dunha parte do profesorado.

Segundo se indica a rodapé na citada Memoria: "Estos datos se corresponden con un año natural completo, no con el curso académico. Para este año el ahorro sería de un 25% del total". Facendo as contas conclúese que no 2012 o aforro estimado en gasto educativo serían 934 millóns.

**A ESTAFA DO DISCURSO DE FONDO E AS CONSECUENCIAS NA REGRESIÓN DO MODELO PEDAGÓXICO DE REFERENCIA**

A estas alturas do proceso de desmantelamento dos servizos públicos xa son moitas as voces que denuncian a estafa que supón o feito de que unha crise xerada no sector privado pretenda pagarse conculcando dereitos e cedendo recursos públicos; máxime cando, ademais, a execución de semellante despropósito ten como protagonistas aos administradores do público. A perversión dun discurso no que se alimenta de maneira constante a división entre colectivos, na procura de chibos expiatorios aos que poder culpar da situación -exculpando así aos verdadeiros responsables e aos seus cómplices

necesarios-, acadou xa uns niveis de cinismo dificilmente tolerables.

No tocante aos problemas que atinxen á educación, moitas foron as ocasións aproveitadas para poñer en entredito a profesionalidade do sector; primeiro e durante toda a lexislatura, por parte da Consellería, e agora tamén por parte do ministro Wert que, se cadra, nunca debeu abandonar o papel de tertuliano, porque a combinatoria de ambos convérteo nun falabarato compulsivo. O que lle resta prestancia ao cargo que ostenta e converte a educación nun espectáculo constante, albo preferente de desafortunadas ocorrencias, provocando o desleixo dunha ampla parte da sociedade do que debera ser tratado como o ben común principal.

O desprezo das condicións nas que se desenvolven os procesos educativos non é tampouco alleo a estas medidas que se presentan coa etiqueta do aforro. De maneira deliberada remárcase a concepción máis instrutiva —máis horas de clase en grupos máis grandes = metodoloxías menos personalizadas— condicionando ou imposibilitando na práctica o desenvolvendo doutras funcións pedagóxicas de comprobada incidencia nos procesos de ensino-aprendizaxe e na convivencia escolar.

**Xa son moitas as voces que denuncian a estafa que supón o feito de que unha crise xerada no sector privado pretenda pagarse conculcando dereitos e cedendo recursos públicos.**

Úsanse os resultados dos distintos informes avaliativos cando convén e para o sinalamento das responsabilidades por ter xerado nuns casos defecto e noutros sobreabundancia; como se se tratase das notas coas que as distintas axencias de cualificación de riscos se atreven a etiquetar países enteiros, comprometendo significativamente a vida das persoas. Para o ámbito educativo as relacións de causa-efecto adoptan formas aparentemente novidosas, pero que reflicten, sen dúbida, visións dun pasado que criamos superadas.

O discurso e a acción política neocon pretende o reforzamento dos aspectos autoritarios, academicistas, selectivos e descontextualizadores do currículo e aí non se escatiman esforzos.

É a luz destes obxectivos ideolóxicos como hai que entender as iniciativas lexislativas deste período político. No contexto galego temos como mostras va-



rios botóns: o *decreto do Plurilingüismo*, no tocante á forte descontextualización na que sitúa o currículo en relación coa lingua e a cultura propias na procura dunha malentendida relación co mundo; a *Lei de convivencia e participación*, na que se reforzan os aspectos autoritarios na convivencia escolar; o *Decreto de atención á diversidade*, no que se afonda nas vías de segregación e selección do alumnado... alén das formas nas que se adoitan tomar as decisións máis relevantes, de costas aos representantes da comunidade educativa, en permanente sospeita de ideoloxización.

O Ministerio prende un día si e outro tamén algún lume que alimenta calquera destas opcións. Hoxe tócalle a rebaixa na optatividade e mañá será unha volta ás esencias, procurando que o currículo responda "ao verdadeiramente necesario", sendo por este motivo de verdadeira urxencia mudar os contidos de "educación para a cidadanía e os dereitos humanos", non vaia ser que se chegue a apreciar a súa perda. O discurso do reforzamento da troncalidade e das materias instrumentais (lingua, matemáticas e inglés) en detrimento da opcionalidade, que interfere na cultura do esforzo, supón unha novidosa volta a atrás que buscará expulsar do currículo ou xibarizar aínda máis a presenza de materias que outorgan unha dimensión integral ao proceso educativo e que tiveron unha tardía acollida no currículo escolar.

No ámbito das alternativas segregacionistas é destacable que cobran de novo protagonismo, toda vez que se evidencia desprazamento inequívoco respecto dos conceptos que funcionan como eixes das reformas, e neste caso a intencionalidade selectiva é evidente. Nesa liña, dende hai uns anos estase a introducir dun xeito pouco rigoroso o concepto de excelencia, o mesmo que no seu momento o con-

cepto de calidade, e esa concepción dá orixe a políticas regresivas; por exemplo:

- Confusión de excelencia con atención á diversidade no caso de sobredotación, véxase esa confusión na convocatoria dos contratos programa.
- Confusión de excelencia con políticas compensatorias (bolsas) para (ou sobre todo) os/as excelentes. Xa existe unha intención declarada do Ministro nesta dirección.
- Divulgación de que se coida mellor a excelencia, e ao alumnado excelente segregándoo —medida posta en marcha en Madrid— para optimizar o seu rendemento; e non en grupos heteroxéneos nos que, moitas veces e con traballos cooperativos, renden máis que nos grupos homoxéneos.

Logo da énfase posta nas avaliacións, preguntámonos por que non se atenden aqueles datos procedentes da investigación educativa que demandan a especial atención dos poderes públicos, promovendo a cambio unha lectura simplificadora da realidade educativa que teima no sinalamento das responsabilidades do profesorado, do propio alumnado ou, no seu caso, das familias, e raramente nas decisións das administracións.

Os alumnos e alumnas —persoas en formación tamén da súa personalidade, intereses e capaci-

**Dende hai uns anos estase a introducir dun xeito pouco rigoroso o concepto de excelencia, o mesmo que no seu momento o concepto de calidade, e esa concepción dá orixe a políticas regresivas.**

dades—, son responsables dos seus resultados académicos nunha concepción na que o esforzo é algo subxectivo e ao alcance de calquera, á marxe das súas propias características e circunstancias contextuais. Dado que o contexto non ten importancia, tampouco hai por que procurar unhas condicións axeitadas para a motivación e a aprendizaxe. Procede, de seguido, responsabilizar as familias, incapaces de exercer a suficiente presión para que algúns valores e esixencias xa as traian da casa; ou se pode ser, que veñan de serie.

Queda tamén o recurso a esixir dos responsables dos centros e institucións máis dilixencia respecto do fundamental: as sinerxías coas cambiantes necesidades económicas, que poden demandar un nivel de ensino se cadra inferior ás expectativas do alumnado e das familias, e non se pode facer outra cousa

que tirar o produto para deseñar outro de menores prestacións con máis baixos custos.

É así como se modula o discurso conservador cando se recrea, por exemplo, na inoperancia do sistema universitario pola súa falta de sintonía co tecido produtivo e as oportunidades laborais que non é quen de procurar; e pola contra resulta practicamente imposible atopar algunha mínima esixencia dirixida aos chamados emprendedores ou no seu conxunto ao tecido empresarial, para que lles presten atención ás vantaxes dunha formación cualificada que é apreciada fóra do país, perdéndose así a oportunidade de reverter na propia sociedade as súas achegas á formación especializada.

O aparente encaixe das medidas adoptadas nesta lexislatura por parte da comunidade educativa só pode explicarse no estado de incerteza e anguria no que vive unha boa parte da sociedade, ademais da confianza que nalgúns sectores poida xerar a proxección propagandística dalgunhas iniciativas, os efectos das cales se desvelarán no futuro. Por outra banda, e nesta desmesura da crise e dos seus sectores damnificados, uns máis sometidos ca outros a escarnio público, hai tamén unha certa ruptura dos mecanismos de solidariedade. O "sálvese quen poida" é o resultado "do divide e vencerás" practicado gradualmente polo poder, e tarde adoitamos comprender como cando nos vaia tocando a todos, pode ser que non quede ninguén que fale no noso nome.

Comeza a coñecerse que algunhas comunidades do estado recorrerán o decreto de medidas, coa intención, entre outros motivos, de parar as intencións recentralizadoras do goberno do estado no que atinxe a esta pretendida demolición de servizos públicos básicos. Agardamos con esperanza que haxa quen desde o ámbito da política non conciba unha cidadanía privada de dereitos e resignada a vivir por debaixo das súas posibilidades.

A comunidade educativa galega está organizándose para promover unha resposta de resistencia cívica diante do maior ataque que se pode perpetrar sobre a educación pública. Agardamos que a perspectiva de análise e de acción sexa tan ampla, plural, unitaria e ilusionante como demanda a iniquidade destes tempos. Non é ocasión para retóricas partidarias, cando o que se precisa é un fondo cuestionamento da gramática social que se impón como inevitable. Nesta lexislatura que remata ten que visualizarse unha estratexia clara e de futuro, que poida ser compartida por unha maioría cidadá, e na que a defensa dos dereitos e das oportunidades sociais sexa clave para construímos un país orgulloso de si mesmo.

## NOVA ESCOLA GALEGA PREMIO "PEDRÓN DE OURO" 2012

Fundación do  
**Pedron de Ouro**



NOVA ESCOLA GALEGA  
PEDRÓN DE OURO 2012

### PRÓXIMAS ACTIVIDADES




☞ **III Seminario sobre a Memoria: A Guerrilla e os Campos de Concentración** - 1, 2 e 3 de xuño - IES de Melide e IES "Félix Muriel", de Rianxo (A Coruña).


☞ **VIII Xornadas Interxeracionais Rurais** - 26 de maio, 2 e 9 de xuño - Cabreiros - Xermade (Lugo).

☞ **IV Curso de Formación sobre o Patrimonio Lúdico** - Outubro 2012.

☞ **III congreso A fenda dixital. TIC, escola e desenvolvemento local.** 23 e 24 de novembro - Póvoa de Varzim (Portugal).



### ENGÁDESTE?



**REVISTAGALEGA DE EDUCACIÓN**  
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

NOVA ESCOLA GALEGA vén desenvolvendo unha campaña para convidar as persoas que teñan semellantes intereses na renovación pedagóxica e na galeguización -en definitiva, na consecución dunha escola pública, democrática e galega-, para que se engadan a nós. Podedes dirixirvos á nosa sede por calquera medio que vos resulte máis doado, para terdes información máis ampla. Grazas.